



Esta unidade

Lectura e comprensión
Poemas de excursión

Vocabulario

Música. O campo semántico

Expresión oral

Expresar gustos musicais.

Lectura expresiva de poemas

Expresión escrita

Canción popular

Gramática

O complemento indirecto (CI)

Ortografía

Palabras con «h» e sen «h».

Palabras con «x», «ll» e «i»

Recursos

A poesía

Antes de ler

Os rapaces da lectura van de excursión e atopan un merlo ferido.

- ¿Como cres que axudaron o merlo ferido? ¿Como o axudarías ti?
- Relata a última vez que fuches de excursión: con quen fuches, onde fostes, cousas que vos pasaron...

Imos de excursión

Non hai moito tempo, fixemos unha saída ao monte do Acibal. O profe, ás excursións chámalles saídas. Levamos un bocadillo e paramos xunta unha fonte para que quen tivese sede bebese un pouco. Todos tiñamos. Pola mesma beirarrúa había unha tenda e deunos permiso para entrar. Estrela mercou unha cesta pequena de palla, dixo que era para que súa nai gardase o chocolate e o puxese enriba da mesa coma a froita.

—Na lacena está moi alto e non o podo coller.

Logo don Carlos berrounos. Non dabamos saído da tenda. Todos queriamos mercar moitas cousas. A señora da tenda rematou todos os xeados que tiña. Algúns xa nin puidemos escoller.

—Parade xa. Para vós, ir de viaxe é mercar o que sexa e lamber xeados. Imos ou váisenos a mañá.

Seguimos camiñando. Ese monte aínda quedaba bastante afastado do colexio. Iamos cantando.

De cando en vez, Estrela quedaba atrás coa cara bastante colorada. Suaba. Todos levabamos o xersei atado á cintura, agás ela, que o tiña posto.

—Estrela, vamos, veña. Ánimo, que xa falta pouco. ¿Non tes calor? —preguntoulle o profe.


—Si...

—¡Pois quita ese xersei, mulleriña!

—É que así quedo atrás.

—Diso nada, que te agardamos. Veña, Catuxa, axúdalle a quitar o xersei a Estrela, que aínda se nos vai deshidratar.

Á fin demos chegado ao monte e automaticamente pasounos o cansazo da camiñada. Xa todo o mundo quería correr e xogar ao balón coas piñas, pero o profe mandounos sentar un pouco e explicounos cousas das árbores que había alí.



Dixo algo dos eucaliptos. Eran unha especie de vampiros que zugaban a auga da terra e a volvían desértica, por iso medran tan de présa. Logo, a carón dun piñeiro, falamos da **procesionaria** e xusto neste intre, lago dixo:

—¿Son estes vermes, profe?

—Non os toques —gritou don Carlos.

Lago xa andara a poñer de últimos os que ían de primeiros na columna. Tivo que ir correndo lavar as mans nun regueiro, e xa tiña unhas ronchas raras nas pernas. Iria metíase con el dicíndolle que ía morrer, pero axiña paramos con iso. Mesmiño diante nosa caeu unha cría de merlo. Xa era bastante grande e tiña unha á magoada. Abría moito a boca. Todos fomos achegándonos para collela.

—¡Ei, quietos! Non a collades, que pode ter a **tiña** —gritou Ventín, que é o que máis sabe de paxaros.

Todos, rapaces e rapazas, puxémonos arredor do merlo ferido. Xa ninguén se atrevía collelo. O profesor foise achegando e falándolle con voz suave. Cando o tocou quixo voar, pero non puido.

—Ten unha á partida, don Carlos —volveu insistir Ventín.

—Cala, **ornitólogo** —pediulle baixiño o profesor—, que o imos asustar.

O merlo quería escapar da súa man, pero non sabía voar. Abría constantemente a boca. Don Carlos botounos unha mirada, coma se fose preguntarnos algo que acababa de explicar e estivese escollendo a vítima. Á fin dirixiuse a Iria.

—Veña, Iria, para iso es a máis perica das clases de Educación Física. Demostra que es quen de subir polo piñeiro e poñer esta cría no seu niño.

Primeiro don Carlos meteu a cría nunha bolsa de tea e colgoulla a Iria contra as costas, para que non a esmagase co seu propio corpo mentres rubía pola árbore.

Fina Casalderrey,


Ás de mosca para Anxo, Ed. Xerais (adaptación)

procesionaria: larvas das bolboreas que se desprazan en longas columnas, emitindo un furo de seda que lles serve de guía ás outras.

intre: instante.

tiña: enfermidade da pele causada por fungos que provoca a caída do cabelo.

ornitólogo: persoa dedicada ao estudo dos paxaros.



Comprensión

1 ¿Que se di destes personaxes da lectura? ¿Que fan? ¿Como son?

Don Carlos

Estrela

Catuxa

Iria

Ventín

Iago

2 Ordena estes feitos cronoloxicamente, é dicir, segundo van sucedendo na lectura.

- No monte todos querían correr e xogar ao balón coas piñas.
- Iago andara a poñer de últimos os que fan de primeiros na columna da procesionaria.
- Estrela quedaba atrás coa cara colorada.
- Os rapaces atoparon unha cría de merlo cunha á magoada.
- Os da excursión levaron un bocadillo e pararon onda unha fonte para beber.
- Os alumnos dunha clase fixeron unha excursión ao monte Acibal.
- Todos os alumnos querían mercar moitas cousas.
- Estrela mercou unha cesta pequena para gardar o chocolate.
- Os alumnos ían cara ao monte cantando.
- Catuxa axúdalle a quitar o xerseí a Estrela.
- O profesor explicoulles cousas das árbores que había no monte.
- Iria subiu o merlo ata o seu niño.
- A Iago aparecéronlle unhas ronchas nas pernas.
- O merlo quería escapar da man do profesor, pero non sabía voar.

3 Divide a lectura en partes e completa un cadro coma este.

PARTES	ABRANGUE DESDE ... ATA ...	CONTIDO
Primeira		

4 Redacta un resumo da lectura.

Reflexiona


5 Os rapaces axudáronlle ao merlo ferido. ¿Como o fixeron? ¿A forma de facelo supoñía algún perigo para algún deles? ¿Cal? ¿E para o merlo? ¿Cal?

- ¿Como lle axudarías ti? Ofrece varias posibilidades e razoa cal sería a mellor para ti e para o merliño.



A música

6 Ordena as letras e obtén o nome de cada instrumento musical.



— Clasifica os instrumentos musicais anteriores en cadros coma estes.

Vento

Percusión

Corda

7 Escribe o nome dos músicos que tocan...

...a guitarra

...o violín

...o clarinete

...a gaita

...a frauta

...o tambor

...o piano

8 Entra na páxina <http://gl.wikipedia.org/wiki> e busca información sobre estes xéneros musicais.

rock - country - jazz - rap - punk - pop - reggae - blues

— Anota:

- Cal é a súa orixe.
- Principais intérpretes.
- Subxéneros, se os teñen.



O campo semántico

O **campo semántico** é o conxunto de palabras que comparte un significado común.

— Copia no teu caderno as palabras que pertencen ao campo semántico das flores.

margarida - caravel - manteiga - papoula
violeta - orquídea - marmelo



— Escribe outras palabras que pertencen ao campo semántico anterior.

1 Atopa o intruso en cada campo semántico.

Árbores: castiñeiro, carballo, faia, salgueiro, outeiro

Vehículos: automóbil, montaña, avión, helicóptero, catamarán

Cores: vermello, branco, lirio, azul, amarelo

Material escolar: engrenaxe, estoxo, xiz, caderno, lapis

2 Clasifica estas palabras segundo o campo semántico ao que pertencen.

barco - zapatillas - zocas - esquí - natación
quenlla - baloncesto - lancha - zapatos
béisbol - golfiño - balea - ciclismo - dorna
bou - sandalias

Embarcacións

Calzado

Animais

Deportes

3 Escribe o campo semántico ao que pertencen estas relacións de palabras. Faino no caderno.

Luns
Martes
Mércores
Xoves

Xaneiro
Febreiro
Marzo
Abril

A Coruña
Lugo
Ourense
Pontevedra

Vaso
Garfo
Prato
Culler

4 Escribe palabras pertencentes a estes campos semánticos.

• Profesións

• Tendas

• Xoias



Exposición de gustos musicais

A case todo o mundo lle gusta a música, ¿non si? Pero non a todos nos gusta a mesma música, nin mesmos grupos, os mesmos cantantes...

9 Reflexiona sobre os teus gustos musicais e anota:

- O tipo de música que che gusta, os teus grupos e cantantes favoritos e por que.
- Se tocas un instrumento musical, cal tocas e por que tocas ese e non outro.
- Se non tocas ningún, cal che gustaría aprender a tocar e por que.

10 Elabora un texto con toda esa información e exponllo oralmente ao resto da clase.

Lectura expresiva de poemas

Ler poesía en voz alta é **recitar**, pero non é só repetir cada verso. Os poemas teñen musicalidade e ritmo e temos que saber interpretalos correctamente, así como as emocións que transmiten.

11 Recita este poema seguindo as pautas e os consellos que che damos.

Eu teño un chifre chifreiro.
Eu teño un chifre chifrón,
tan chifrador e algareiro
que a todos chama a atención.

Eu teño un chifre chifreiro
que mo mercaron na feira.
¡O seu alegre asubío
resoa na aldea enteira...!

Eu dou ordes co meu **chifre,**
ando a ordenar con **chifrazos:**
—¡Que florezan as **roseiras,**
que **chíen ben** os paxaros...!

—¡Que maduren **ben** as **cerdeiras,**
as **figueiras** e os **mazairos!**
¡E que **veñan ben** cargados
de **xoguetes** os **Reis Magos**...!

—¡**Teño un chifre** de verdade!
¡**Teño un chifre** verdadeiro!
¡Non **quero chifres** de **palla**
nin de **casca** de **salgueiro**...!

Manuel María, *Os soños na gaiola.*

Pautas e consellos

- Le primeiro o poema en voz baixa para atoparlle o ritmo.
- Despois, recítao en voz alta: vocaliza ben e pronuncia correctamente todas as palabras.
- Marca ben o ritmo do poema: tes que pronunciar a sílaba tónica dalgunhas palabras con maior intensidade. Podes velas destacadas no poema.
- Respecta os signos de puntuación e marca ben as pausas: fai unha pausa breve nas comas e unha pausa longa nos puntos.
- Acompañaao con xestos e expresións faciais.
- Expresa os sentimentos que reflicte o poema: alegría, tristeza...

As cancións populares

Os galegos temos unha manchea de **cancións populares** que se foron transmitindo oralmente de pais a fillos.

— Le esta canción.

Ollos verdes son traidores,
azules son mentireiros,
os negros e acastañados son firmes e verdadeiros.

Ollos verdes son traidores,
azules son mentireiros,
os negros e acastañados son firmes e verdadeiros.

Retrouso

Na beira, na beira, na beira do mar
hai unha lanchiña, para ir a navegar,
para ir a navegar
na beira, na beira, na beira do mar.

Cinco sentidos che temos,
os cinco necesitamos
pero os cinco perdemos cando nos namoramos.

Cinco sentidos che temos,
os cinco necesitamos
pero os cinco perdemos cando nos namoramos.

Retrouso

Na beira, na beira, na beira do mar
hai unha lanchiña, para ir a navegar,
para ir a navegar
na beira, na beira, na beira do mar.

— Responde estas cuestións sobre a canción anterior:

- ¿Cantas estrofas ten a canción?
- ¿Que versos riman entre si en cada estrofa? ¿Cal é a rima?
- ¿Que nome recibe a estrofa que se repite cada dúas?
- ¿Cal é o tema da canción?
- ¿En cantas partes se pode dividir a canción tendo en conta o seu contido? ¿Que estrofas abrangue cada unha delas?




A **canción popular** é unha composición que adoita tratar temas amorosos, de costumes... Está formada por estrofas con rima e unha delas, o **retrouso**, repítese cada poucas estrofas ou mesmo cada poucos versos.

1 Le estoutra canción popular.

— Elabora outra substituíndo as palabras destacadas por outras que cadren ben.

Eu de **Marín** ausenteime;
 moi lonxe fun a vivir,
 pasei a vida **chorando**
 e **sospirando, Marín**, por ti.
 Eu non sei **cantar**
 eu non sei **rir**
 sen os airiños da **ría**
 eu non sei **cantar**
 eu non sei **rir**.
 Pasei a vida **chorando**
 e **sospirando, Marín**, por ti.

**2** ¿Atrévete a inventarlle unha estrofa máis á canción *Ollos verdes*? Sigue estes pasos.

- Pensa nun contido relacionado co tema da cantiga.
- A estrofa debe ter tres versos e cómpre que rimen os versos dous e tres.
- Escribe a estrofa, lea e modifica todo o que non te convenza.
- Lelle a túa estrofa ao resto da clase.
- Escollede entre todos a estrofa máis bonita e orixinal.
- Memorizade individualmente a canción, coa estrofa elixida incluída.
- Coa axuda do mestre/a, cantade entre todos a canción coa estrofa incluída.

3 Inventa agora unha canción. Sigue estes consellos.


→ Consellos:

- Pensa cal vai ser o tema da túa canción.
- Cómpre que teña dúas estrofas de catro versos e un retrouso tamén de catro versos.
- Deben rimar os versos dous e catro de cada estrofa e do retrouso.
- Escribe a canción, lea e modifica o que non te convenza.



O complemento indirecto (CI)

Xa vimos na unidade anterior que o predicado verbal pode ter varios complementos e xa estudamos o CD. Agora imos ver o **complemento indirecto (CI)**.



O CI sempre vai introducido polas preposicións **a** ou **para**.

O mozo escribiu unha canción **a Xoana**.

CI: *a Xoana*, introducido pola preposición *a*.

Xosé mercou unha guitarra **para os fillos**.

CI: *para os fillos*, introducido pola preposición *para*.

Para recoñecer o CI podemos botar man de dúas probas:

1. Substituír o CI polos pronomes persoais **lle, lles**:

O mozo escribiu unha carta **a Xoana**.

CI

O mozo escribiu**lle** unha carta.



CI

Xosé mercou unha guitarra **para os fillos**.

CI

Xosé mercou**lles** unha guitarra.

CI

2. Preguntándolle ao verbo **¿A quen?** ou **¿Para quen?**:

O complemento indirecto acostuma ir reforzado polos pronomes **lle** ou **lles**.

O mozo escribiu**lle** unha canción **a Xoana**.

CI

CI

1 Copia estas oracións no caderno e subliña o CI.

- Dei un CD de jazz a Tareixa.
 - Mercamos xeados para vós.
 - Pregunta aos mestres as datas dos exames.
 - Sempre contas a mesma historia aos visitantes.
 - Trouxemos regalos para todos.
 - Deu un caramelo de amorodo a Brais.
- Comproba se subliñaches correctamente o CI facendo as dúas probas que vimos.
- Introduce nas oracións os pronomes **lle** ou **lles**, de xeito que o CI quede reforzado.

2 Inventa dous CI para cada caso.

Henrique tróuxolle un canciño

Sara buscou un bolso

O paxaro colleu un verme

Eu pedinlles un CD de música clásica

Nós comprámoslle un violín

Palabras con «h» e sen «h»

Cómpre que teñamos tino porque hai palabras que debemos escribir con «h» e outras sen «h».




abano




harmónica

Palabras con «x», «ll» e «i»

Hai unha serie de palabras que ás veces dubidamos se levan «x», «ll» ou «i».



xoguete



coello



iogur

1 Adiviña as palabras con «h» ou sen «h» que se agochan detrás destas definicións.

Como pista, dámosche tantas raías como letras ten a palabra.

- Saúdo habitual: — — —
- Lugar onde adoita haber moitas verduras: — — — — —
- Animal da especie dos homínidos: — — — — —
- Parte superior do brazo que une a este co pescozo: — — — — —
- Construción tipicamente galega onde se gardan o gran e mais as espigas de millo: — — — — —
- Pono a galiña: — — —

2 Inventa un texto coas palabras anteriores.

3 Substitúe as letras destacadas destas palabras por «x», «ll» ou «i» e obterás palabras novas.

aseo	tapar	terra
prata	ramo	vate
sala	grata	verro


— Completa estas oracións coas palabras obtidas que cadren ben.

- Primeiro hai que as patacas e despois fíntense.
- O tellado desa casa é de, non de lousa.
- Desde a vin como o caía no


A poesía

A **poesía** é o xénero literario que mellor permite expresar os sentimentos, as emocións, os pensamentos do autor, o **poeta**.

Como xa sabes, os poemas adoitan estruturarse en versos e estrofas. Cada liña do poema é un **verso** e cada grupo de versos, unha **estrofa**.



Antonio García Teijeiro (fragmento)



— Indica cantos versos e estrofas ten o poema anterior.

Unha das características da poesía é a súa musicalidade e a sonoridade das palabras, que proporcionar principalmente:

- O **ritmo**: é a alternancia de sílabas átonas e tónicas dentro do poema.
- A **rima**: é a coincidencia de sons nas últimas sílabas dalgúns versos. Pode ser:
 - a. **Asonante**: repítense as mesmas vogais a partir da última tónica.
 - b. **Consonante**: repítense as vogais e as consoantes a partir da última vogal tónica.

— Volve ler o poema anterior e fíxate nas terminacións dos versos. ¿Que tipo de rima che parece que ten? ¿Por que?


— Completa un cadro coma este por cada estrofa.

Primeira estrofa	Palabras que riman	Tipo de rima
		

Para acabar

1 Le con atención este texto.

Amoriños collín
á beiriña do mar,
amoriños collín
non os podo olvidar,
non os podo olvidar,
non os podo olvidar,
amoriños collín á beiriña do mar.



2 ¿Que tipo de texto é o anterior?

3 Responde estas preguntas sobre o texto anterior.

- ¿Cantos versos ten? ¿E estrofas?
- ¿Cal é o retrouso?
- ¿Cal é o tema?

4 Escribe catro palabras pertencentes a cada un destes campos semánticos.

**Profesións relacio-
nadas coa música**

.....
.....

**Instrumentos
musicais**

.....
.....

Pezas de roupa

.....
.....

5 Identifica os CI destas oracións. Fai as dúas probas que vimos na unidade.

- Os avós mercáronlle a Elías un reloxo de peto.
- Trae iogures para o neno.
- O balón deulle nun pé a Raquel.

6 Escribe dúas palabras con...

h

x

ll

i